



FEDERACIÓN DOWN GALICIA

## II Plan Estratégico 2014-2018



Santiago de Compostela,  
A xaneiro 2014 aprobada temporalización 14-  
16 e a Maio 2016 aprobada ampliación a 17-18

Coa colaboración da




## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN .....	<b>2</b>
1.1	Presentación e antecedentes da entidade.....	2
2.	SINAIS DE IDENTIDADE - MARCO CONCEPTUAL.....	<b>6</b>
2.1	Misión .....	6
2.2	Visión .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
2.3	Valores.....	6
2.4	Principios reitores .....	8
3.	AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO 2009-2012 .....	<b>9</b>
4.	OBXETO E ALCANCE DO PLAN ESTRATÉGICO 2014-2018.....	<b>17</b>
4.1	Presentación do Plan Estratégico .....	17
4.2	Alcance e obxetivos .....	18
4.3	Constitución do equipo guía.....	18
5.	ANÁLISE DA SITUACIÓN: DIAGNÓSTICO DAFO.....	<b>19</b>
5.1	Análisis interna .....	20
5.2	Análisis externa.....	21
6.	MAPA ESTRATÉGICO: ÁREAS E OBXETIVOS ESTRATÉGICOS ....	<b>23</b>
6.1	Formulación estratéxica .....	23
6.2	Mapa estratéxico.....	24
6.3	Obxetivos estratéxicos .....	25
7.	PLAN DE ACCIÓN: OBXETIVOS, INDICADORES, INICIATIVAS E TAREFAS A DESENVOLVER .....	<b>26</b>
8.	PLAN DE COMUNICACIÓN PLAN ESTRATÉGICO 2014-18.....	<b>34</b>
9.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN PLAN ESTRATÉGICO 2014-18.....	<b>35</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1 Presentación e antecedentes da entidade

A **Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down (DOWN GALICIA)** é una entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 1.998, que agrupa as sete entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como queda reflexado no seguinte mapa:



Dende a súa constitución, a **Federación DOWN GALICIA** e as súas entidades membro definiron un estilo de traballo propio marcado, sobre todo, polo compromiso social a favor da inclusión e da participación das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, a través duns criterios de actuacións básicos para garantir a coherencia, eficacia e éxito das actuacións. Polo tanto, no sentido principal da existencia do “**Movemento DOWN GALICIA**” ven dado polas necesidades de establecer as medidas precisas para garantir a igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down, a través da provisión de servizos e actividades das que están desprovistas na súa contorna.

**O MOVEMENTO DOWN en GALICIA:**

- Ten como **OBXETIVO PRIORITARIO** conseguir que as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual consigan a máxima capacidade posible para levar unha VIDA AUTÓNOMA, tomar as súas PROPIAS DECISIONS e formar parte da sociedade dunha maneira VISIBLE e inclusiva.
- Enfoca todo o seu traballo cara a un **servizo integral de atención ás persoas con discapacidade intelectual de promoción da súa autonomía: SEPAP (Servizo de Promoción da Autonomía Persoal)**. Dado que este servizo abarca todo o período evolutivo das persoas, realízase unha organización de programas atendendo ás necesidades específicas en cada un deses períodos, pero tendo en conta que a persoa é un “todo integral”. Para realizar unha organización na xestión do servizo identifícanse seis áreas de actuación que seguen o esquema global do ciclo da vida das persoas atendidas, tal como preséntase a continuación::



A historia da Federación e as súas entidades mostra como nos seus inicios eran organizacións baseadas no voluntarismo e voluntariedade das familias, que buscaban un novo e mellor futuro para os seus fillos/as. Nun período moi breve, foron transformándose en organizacións cada vez máis profesionalizadas, que creceron de maneira exponencial grazas a investimentos apoiados desde diferentes puntos das administracións e financiadores cada vez máis comprometidos con proxectos sociais como este.

Así pois, o percorrido da nosa entidade permite destacar unha serie de feitos:



Ano	Acontecemento no Movemento Down Galicia
1989	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Vigo”
1991	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Xuntos”, en Pontevedra
1994	Nace a Asociación para a Síndrome de Down de Ferrol “Teima”



Ano	Acontecemento no Movemento Down Galicia
1996	Nace a Asociación para a Síndrome de Down de Lugo “Down Lugo”
1997	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Compostela”
1998	Nace a Federación Down Galicia
2000	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Coruña”
2002	A Federación crea a Programa de Emprego con Apoio
2003	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Ourense “
2004	Down Galicia entra a formar parte do CERMI, que é o “Comité Galego de Entidades Representantes de Personas con Discapacidade”. Traballa para defender os dereitos de todas as persoas con discapacidade.
2006	Nace a Fundación Down Compostela Down Galicia é declarada de Utilidade Pública. Quere decir que Down Galicia traballa polo interés xeral das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual. Down Galicia acóllese á Lei de Mecenado. Isto significa que as persoas ou empresas que fan doazóns a Down Galicia poden ter descontos nos seus impostos.
2008	Down Galicia, xunto con outras entidades de Iniciativa Social, aposta pola constitución de EAPN Galicia, que é a Rede contra a Pobreza e a Exclusión Social. Traballa para que ningunha persoa sexa excluída da sociedade, por ningún motivo. Comeza a certificación de calidade dos servizos prestados, por AENOR (ISO 9001). Isto quere dicir que o traballo que fai Down Galicia e as súas entidades membro (asociacións e fundación) faise de forma correcta. AENOR é a empresa que controla este traballo e que di se está ben feito ou non.
2009	Realízase a planificación estratéxica para o período 2009/2012. Trátase dun documento no que se recolle todo o traballo que hai que facer entre o ano 2009 e o ano 2012.
2010	A Federación crea o servizo de Vida Independente. Comezan os cursos e xornadas sobre Aprendizaxe Cooperativa. Trátase de estudar unha nova forma de dar clase para que todo o alumnado participe e colabore na aula.
2011	Certifícanse en calidade, por AENOR (ISO 9001), todos os servizos e procesos que realizan as entidades membro de Down Galicia (asociacións e fundación) Renovación da Xunta Directiva por 4 anos
2012	Créase o Departamento de Comunicación
2013	Créase a área de Envellecemento Activo. O obxectivo é que as persoas coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual fáganse maiores sen perder a súa autonomía, do mesmo xeito que calquera outra persoa. Realízase a planificación estratéxica 2014-2016 Renóvase a web da Federación Down Galicia



Ano	Acontecemento no Movemento Down Galicia
2014	<p>Conséguese a certificación por parte da Fundación Lealdade como entidade analizada en transparencia e boas prácticas.</p> <p>Apróbase o novo Plan Estratéxico da Federación Down Galicia 2014-2016.</p> <p>Créanse os Premios Down Galicia para entregar o 21 Marzo de cada ano.</p> <p>Obtéñense os Permisos de Inicio de Actividade da Rede de Vivendas Down Galicia (5 vivendas).</p>
2015	<p>Empézase a utilizar unha nova ferramenta de xestión e control da información.</p> <p>Renovación da Xunta Directiva.</p> <p>No ano 2015 celebrouse o Encontro 2015 Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e técnicos das entidades Down.</p>

Down Galicia e as súas entidades membro, ó longo dos anos, obtiveron diversos logros, premios e recoñecementos, entre os que destacan os que se indican a continuación:

ANO	PREMIO / RECOÑECIMENTO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2004	Premio "ONCE Galicia á Solidariedade" de integración laboral
2010	Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Down Galicia, no que se recoñece a contribución de Down Galicia na mellora da inclusión educativa das persoas con discapacidade.
2011	Certificación de calidade de AENOR en base á norma ISO 9001 con alcance a toda a organización
2012	1º Premio da 5ª edición dos Premios Nacionais "Educaweb" de Orientación Académica e Profesional co proxecto "Guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2012	1º Premio Nacional do VI Concurso "Voluntarios BBVA" co proxecto Prácticas Formativas para "Emprego con Apoio para persoas coa síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual"
2013	3º Premio Nacional Solidario Cenor Electrodomésticos ao proxecto de Emprego con Apoio.
2014	Premio Luís Tilve "Traballo Digno" ao proxecto Emprego con apoio.
2014	"XI Convocatoria de Axudas" Fundación Solidariedade Carrefour ao proxecto "Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa síndrome de Down"
2014	Premio do "I Concurso de Proxectos Solidarios da Fundación Grupo Norte" ao proxecto Emprego con Apoio.
2014	Premio Accésit Atresmedia ao proxecto "Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar de alumnos coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual"
2014	Entidade analizada pola Fundación Lealdade en transparencia e boas prácticas
2015	I Premio Fundación Randstad- categoría institucional ao proxecto "Potenciando o talento profesional: emprego con apoio".



ANO	PREMIO / RECOÑECEMENTO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2015	Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015 ao proxecto “Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa síndrome de Down”, AETG – AMTEGA
2015	Entidade seleccionada e participante no “Desafío Solidario 2015” Fundación Botín: mellora da Educación en España.

## 2. SINAIS DE IDENTIDADE - MARCO CONCEPTUAL

Os sinais de identidade da Federación Down Galicia son coñecidas e recoñecidas por todos os membros da entidade e foron establecidas na planificación estratéxica 2009-2012, sen que sufrisen modificacións ata a actualidade. Estas mesmas son recollidas no presente Plan Estratéxico 2014-2018 xa que foron tidas en conta para o seu establecemento.

### 2.1 Misión

Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade..

No 2018, a Federación Down Galicia será recoñecida pola súa credibilidade no traballo a favor da inclusión social das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, e o apoio que logrará para a súa causa, capacitaraa para incidir a favor dunha contorna máis inclusivo.

Este posicionamento será posible grazas á unión do colectivo Down de Galicia ao redor da Federación Down Galicia e o seu aliñamento interno e externo, así como, o compromiso de todas as persoas coa mellora continua, e a consolidación da súa estrutura económica e técnica.

### 2.2 Valores

A Federación Down Galicia desenvolve unha conduta en sintonía cos seguintes valores:

#### Coherencia

A institución e todas as persoas que formamos parte da Federación Down Galicia somos coherentes cos nosos principios.

Respetamos a diversidade humán, estamos comprometidos coa dignidade das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, e promovemos a inclusión e

o exercicio dos seus dereitos, especialmente a igualdade de oportunidades e a autodeterminación.

### Compromiso

---

A empatía resulta un requisito imprescindible para que as institucións e todas as persoas que forman parte da Federación Down Galicia exerciten o seu compromiso coa misión da entidade.

Esforzámonos por comprender os sentimentos, necesidades e intereses dos demais, especialmente das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual.

### Efectividade

---

Queremos ser efectivos e esforzámonos por lograr os nosos obxectivos dunha forma eficiente e sostida no tempo, de forma que contribúan ao máximo desenvolvemento da nosa misión.

Innovamos para dispoñer dos instrumentos e modelos de actuación que nos permitan unha intervención efectiva que responda integralmente a todas as necesidades dos nosos destinatarios directos.

Como entidade de iniciativa social comprometida coa construción do estado de dereito e que traballa a favor de fins de interese xeral, estamos comprometidas/os coa mellora continua, colaboramos activamente con todo o noso grupo de interese e somos transparentes na nosa xestión.

### Participación

---

Traballamos activamente en diferentes ámbitos para que todos os membros da sociedade sentan valorados, respectados, comprendidos, apoiados e implicados no desenvolvemento da mesma.

Contribuímos ao desenvolvemento dunha sociedade máis diversa, inclusiva, democrática e xusta, promovendo a participación activa das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Estimulamos a participación das persoas e as entidades membro na vida asociativa dunha Federación que se abre á súa contorna para contribuír á construción dunha sociedade máis inclusiva.

### Reivindicación

---

Reivindicamos os dereitos, deberes e liberdades das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual coa defensa dos nosos principios, exercitando os nosos valores e desenvolvendo políticas efectivas.

A relevancia do propósito da nosa misión alenta o esforzo, tenacidade e resistencia que nos caracteriza na defensa dos intereses dos nosos destinatarios.



## Unión

---

A unión do movemento Down en Galicia ao redor da Federación é un patrimonio institucional que debe preservarse como elemento impulsor do desenvolvemento da súa misión.

A Federación Down Galicia contribúe ao desenvolvemento organizativo das súas entidades membro respectando o ámbito de decisión de cada unha delas e procurando o consenso nos asuntos comúns.

### 2.3 Principios reitores

---

A Federación Down Galicia asenta e lexítima a súa actividade nos seguintes **PRINCIPIOS**:

- 🟡 **Diversidade:** O normal é que sexamos diferentes. Traballamos a favor da autonomía e do empoderamento persoal.
- 🟡 **Dignidade:** Son unha persoa. Defendemos o valor da persoa en positivo a través das súas capacidades e logros.
- 🟡 **Autodeterminación:** *Vivo a miña vida.* Promovemos a capacitación para a toma de decisións propias e a autoxestión.
- 🟡 **Igualdade de oportunidades:** *Como ti, podo con apoio.* Proporcionamos apoio para un desenvolvemento vital pleno en todas as etapas da vida.
- 🟡 **Inclusión:** *A miña exclusión é o fracaso de todos.* Inclusión real na sociedade, dando visibilidade ao colectivo en todos os ámbitos sociais.

#### Diversidade: "O normal é que sexamos diferentes"

---

Cada ser humano é único, diferente e irreplicable.

As diferenzas propias das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual han de ser aceptadas e valoradas.

As súas necesidades han de ser tidas en conta, dándolle a mesma importancia que se lle dá ás necesidades dos demais membros da sociedade.

O respecto pola diversidade implica a ruptura do individualismo e a apertura á solidariedade. Permite descubrir e valorar a cada quen como un ser diferente que achega valor á comunidade.

#### Dignidade: "Son unha persoa"

---

Todo ser humano ten dignidade e valor de seu pola súa condición de ser humano, é en si mesmo digno e merecedor de respecto. O seu valor non está condicionado polos seus méritos.

Os dereitos humanos, os dereitos de cada persoa, fundaméntanse na dignidade humana, e as persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual, teñen os mesmos dereitos e deberes que as demais persoas.

#### Autodeterminación: "Vivo a miña vida"

---

Ninguén pode usurpar o dereito de cada persoa para ser protagonista da súa propia vida. As persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual son suxeitos activos con capacidade para a autodeterminación.

#### Igualdade de oportunidades: "Como ti, podo con apoio"

---

Recoñecer e valorar as diferenzas implica articular medidas que fagan real e efectivo o exercicio dos dereitos e liberdades de todos e todas.

Fai falta eliminar as situacións de desigualdade que impiden ou dificultan que todas as persoas poidan exercer dun modo efectivo os seus dereitos, participar activamente na sociedade e realizar o seu proxecto de vida.

Para que se produza unha verdadeira igualdade de oportunidades é preciso ter moi presentes as diferenzas e necesidades específicas que teñen as persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual.

#### Inclusión: "A miña exclusión é o fracaso de todos"

---

Todos os membros dunha sociedade contribúen a enriquecela.

O recoñecemento deste feito favorece o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Actualmente, moitas das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual atópanse á marxe da sociedade en boa parte dos seus ámbitos. Esta situación lesiona os seus dereitos e empobrece á sociedade.

O desenvolvemento social esixe considerar a todos os seus membros sen distinción, implica respetar os dereitos humanos de todas as persoas, a súa dignidade e liberdade.

### 3. AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2009-2012

No ano 2008 comezaron os traballos para o desenvolvemento do Plan Estratégico 2009-2012 da Federación Down Galicia, feito dende un enfoque participativo que foi posible grazas ao xeneroso esforzo de persoas coa síndrome de Down, familias, persoal de dirección e técnico e voluntariado. Este foi o primeiro Plan Estratégico da Federación do que, finalizada a súa execución, pódense extraer as seguintes conclusións:

## Principais metas alcanzadas

---

### **Obter o compromiso dos poderes públicos:**

#### **SEPAP**

- Regulado o SEPAP dentro do catálogo da Lei de Servizos Sociais e/ou dentro do catálogo da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Recoñecido o SEPAP prestado polas entidades do movemento Down dentro da rede de atención á dependencia e servizos sociais.

#### **Sanidade**

- Incluídos nos protocolos de saúde do SERGAS as recomendacións do Programa Español de Saúde para PCSD de Down España.
- Aplicado o programa de saúde para todas as PCSD.
- Incluídos nos protocolos do SERGAS as recomendacións para comunicar a primeira noticia.
- Conseguida a intervención hospitalaria no momento do nacemento dunha PCSD.

#### **Servizos sociais**

- Ampliados os compromisos adquiridos para o desenvolvemento da nosa misión.

### **Lograr a colaboración continuada de institucións públicas e privadas:**

#### **Universidades**

- Conseguida a colaboración das universidades galegas para a realización de prácticas laborais, voluntariado, investigación e formación.
- Apoio, colaboración e asesoramento na implantación de novos programas, servizos e metodoloxías de traballo (vida independente, aprendizaxe cooperativa...)

### **Dispoñer de capacidade de incidencia dende redes de participación sectoriais:**

#### **Down España**

- Obtido maior peso específico en Down España.
- Implicados activamente nos grupos e redes de traballo que convoca Down España a través da asistencia ás reunións presenciais así como na execución das tarefas que se desencadean das mesmas.
- Participación activa no foro de profesionais das redes de traballo de Down España, compartindo experiencias, recursos e a resolución de dúbidas.

#### **CERMI Galicia**

- Implicados activamente nas comisións de traballo que convoca CERMI Galicia.

#### **EAPN**

- Implicados activamente nas mesas sectoriais que convoca EAPN Galicia así como nas actuacións que xorden no grupo de participación.

### **Dispoñer da colaboración dos medios de comunicación:**

- Incrementados os impactos mediáticos.
- Incrementadas as solicitudes de medios de comunicación para a colaboración con Down Galicia.

### **Consolidar e mellorar os servizos prestados:**

#### **Atención temperá**

- Achegada a prestación do servizo de atención temperá ao maior número de nenos CSD y DI.
- Mellorada a calidade dos servizos de atención temperá das entidades Down Galicia.

#### **Inclusión educativa**

- Demostrada a contribución das entidades Down Galicia á mellora da inclusión da comunidade educativa.
- Mellorada a calidade dos servizos de inclusión educativa das entidades Down Galicia.
- Down Galicia situada como entidade referente a nivel galego no relativo ao traballo de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa e lectura fácil.

#### **Inclusión laboral**

- Aumentada a empleabilidade das persoas a través das accións formativas de inserción socio-laboral, así como, a través de novas insercións en empresas ordinarias (ben a través de prácticas laborais e/ou contratos de traballo).
- Mellorada a calidade dos servizos de formación das entidades Down Galicia.
- Mantidos e mellorados os sistemas de mellora da calidade no servizo de emprego con apoio das entidades Down Galicia.

### **Implantar novos servizos que respondan ás necesidades detectadas:**

#### **SEPAP**

- Definido o SEPAP como servizo de atención integral que cubra todas as etapas do ciclo vital.

#### **Vida independente**

- Diseñado, implantado e documentado o modelo autonómico de vida independente.
- Realizadas experiencias de vida independente na comunidade galega.

#### **Programa de atención á autodirección**

- Constituídos grupos de autoxestores na comunidade galega.
- As persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual participan nas asembleas das entidades Down Galicia.

### **Asegurar a prestación de servicios de calidade:**

#### **Xestión da calidade**

- Certificados todos os servizos e procesos de Down Galicia e das súas entidades membro.

### **Asegurar unha eficaz comunicación interna e externa:**

- Implantado un plan de comunicación externo de Down Galicia.
- Revisadas e optimizados as canles de comunicación interna.
- Creados novos medios de comunicación internos (audio conferencias, grupos de correos por áreas...).

### **Promover a relación entre entidades e a participación en iniciativas conxuntas:**

#### **Entidade**

- Lograda unha maior participación na Federación de todas as entidades membro.

#### **Profesionais**

- Xerado coñecemento compartido nas distintas áreas técnicas.

### **Propiciar a toma de decisións por consenso:**

#### **Directivos**

- Aprobado o Regulamento de Réxime Interno.
- Tomadas as decisións importantes por consenso.

#### **Profesionais**

- Implicados activamente os profesionais das entidades Down Galicia no desenvolvemento da misión da Federación.
- Tomadas as decisións técnicas por consenso.

### **Garantir a contribución das persoas no proxecto:**

- Incorporados novos perfís profesionais estables en estrutura.
- Asegurada a continuidade do persoal dos departamentos.
- Persoal capacitado.
- Comprometido coa misión da entidade a totalidade do persoal, contratado e voluntario.

### **Dispoñer do coñecemento preciso para o desenvolvemento organizativo:**

- Garantida a transferencia do coñecemento.
- Favorecida a formación dos profesionais tanto a través de accións formativas organizadas dende a Federación como a través da participación en accións formativas de carácter externo.

## **Lograr a dispoñibilidade das infraestruturas e equipamentos necesarios:**

### **Infraestruturas**

- Acondicionado e inaugurado o centro de atención de Teima.
- Avanzado o proceso de xestión para dispoñer de infraestruturas para novos servizos.

### **Equipamentos**

- Conseguidas os equipamentos necesarios para a execución de servizos a consolidar.
- Conseguidas os equipamentos necesarios para a execución de novos servizos.
- Conseguidas os equipamentos necesarios para a xestión organizativa (TIC).
- Adquisición de novos programas e recursos que contribúan a mellorar a calidade dos servizos prestados.

## **Lograr o compromiso financeiro dos poderes públicos e privados:**

- Financiado o 65% de gastos de mantemento e execución de servizos das entidades membros a través de fondos públicos.

## **Principais metas por alcanzar**

### **Obter o compromiso dos poderes públicos:**

#### **SEPAP**

- Adaptadas e homologadas as sedes das distintas entidades Down Galicia.

#### **Atención temperá**

- Regulada a normativa dos servizos de atención temperá conforme ao modelo de intervención biopsicosocial.

#### **Inclusión educativa-educación**

- Regulada a normativa de atención á diversidade.

#### **Inclusión laboral-traballo**

- Ampliada a cobertura do Real Decreto de Emprego con Apoio.
- Axustada a regulación da normativa de emprego con apoio ao modelo de intervención de Down Galicia.
- Adaptada a normativa de función pública para favorecer o acceso de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual ao emprego público.
- Adaptadas as convocatorias de Formación Ocupacional as necesidades das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

#### **Servizos sociais**

- Ampliados os compromisos adquiridos para desenvolvemento da nosa misión.



### **Vida independente-vivenda**

- Facilitada a reserva de vivenda para mozos CSD e DI.
- Adaptada a normativa para favorecer o acceso a vivenda das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e/ou as entidades.
- Aberto o debate xurídico fronte a organismos relevantes sobre a Incapacidade Xurídica das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

### **Lograr a colaboración continuada de institucións públicas e privadas:**

#### **Fundacións**

- Conseguidas e ampliadas as colaboracións con distintas Fundacións.

#### **Obras sociais**

- Consolidados os compromisos coas Obras Sociais colaboradoras.
- Ampliados os compromisos de colaboración coas Obras Sociais.

#### **Colexios profesionais**

- Conseguida a colaboración dos colexios profesionais de avogados, médicos, psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais.

#### **Asociacións empresariais**

- Alcanzada a colaboración de asociacións empresariais para a difusión do proxecto de emprego.

#### **Sindicatos**

- Conseguido o compromiso por parte dos tres sindicatos maioritarios da comunidade para o cumprimento das leis en materia de emprego.
- Conseguido un convenio de colaboración cos tres sindicatos maioritarios de a comunidade para avanzar en políticas e medidas legislativas inclusivas.

### **Dispoñer de capacidade de incidencia dende redes de participación sectoriais:**

#### **Down España**

- Centralizada a comunicación das entidades do movemento Down de Galicia con Down España a través de Down Galicia.

#### **CERMI Galicia**

- Alcanzado maior peso dentro do CERMI Galicia.

### **Dispoñer da colaboración dos medios de comunicación:**

- Tratadas adecuadamente as mensaxes trasladadas polos medios referentes ao colectivo.

### **Consolidar e mellorar os servizos prestados:**

#### **Atención temperá**

- Homologados os servizos de atención temperá das entidades Down Galicia.

- Incluídos os servizos de atención temperá das entidades Down Galicia na rede galega de atención temperá.

### **Inclusión educativa**

- Recoñecida a colaboración das entidades Down Galicia na atención á diversidade.

### **Inclusión laboral**

- Contratado o 60% dos usuarios do servizo de inclusión laboral.

### **Imprantar novos servizos que respondan as necesidades detectadas:**

#### **Programa de atención a autodirección**

- As Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual participan nas asembleas das entidades Down Galicia.

#### **Usuarios con altas dificultades de inserción socio-laboral**

- Dada a resposta as necesidades das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual con altas dificultades de inserción socio-laboral.

#### **Envellecemento Activo**

- Deseñado un modelo que dea resposta ás necesidades das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual en proceso de envellecemento.

### **Asegurar a prestación de servizos de calidade:**

#### **Planificación centrada na persoa**

- Iniciada a Planificación Centrada na Persoa (PCP) en todas as entidades Down Galicia.

### **Asegurar unha eficaz comunicación interna e externa:**

- Imprantado un plan de comunicación interno de Down Galicia.

### **Promover a relación entre entidades e a participación en iniciativas conxuntas:**

#### **Directivos**

- Implicados os directivos das entidades membro na execución, seguimento e avaliación das liñas de acción do Plan estratéxico.

#### **Familias**

- Reforzada a cultura compartida do movemento Down en Galicia.

#### **Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual**

- Facilitados mecanismos para propiciar a auto organización e o empoderamiento das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

### **Dispoñer do coñecemento preciso para o desenvolvemento organizativo:**

- Promovida a investigación universitaria sobre temas de interese para o colectivo das Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

## **Lograr a dispoñibilidade das infraestruturas e equipamentos necesarios:**

### **Infraestruturas**

- Avanzado o proceso de xestión para dispoñer de centros de atención axustados ás necesidades de Down Ourense e Xuntos.
- Analizados e aplicados os requisitos técnicos a cumprir polas infraestruturas para ser centros homologados.

## **Lograr o compromiso financeiro dos poderes públicos e privados:**

- Logrado o compromiso dos poderes públicos no financiamento estable da execución dos servizos das entidades Down.
- Garantido o financiamento para a cobertura do 95% dos gastos de mantemento da Federación a través de fondos públicos estables.
- Buscadas fórmulas de diversificación das fontes de financiamento.
- Captado un 15% máis de recursos financeiros de orixe persoal.

### Condicionantes internos que limitaron as actuacións previstas

Os condicionantes internos que impediron ou minimizaron os resultados dalgúns obxectivos foron:

- Plan con demasiadas liñas estratéxicas e metas.
- Falta de dispoñibilidade do persoal técnico das entidades membro da Federación para participar en grupos de traballo de análise (por exceso de traballo noutras liñas). Unha parte dos grupos-comisións de traballo non foron viables.
- Falta de dispoñibilidade do persoal técnico de Down Galicia para executar todas as actuacións planificadas.

### Condicionantes externos que limitaron as actuacións previstas

As dificultades externas que impediron ou minimizaron os resultados dalgúns obxectivos foron:

- Escaseza de recursos (técnicos e económicos) para poder avanzar ou conseguir algunha das metas previstas.
- Limitacións da Administración en procesos de regulación normativa: procesos paralizados ou lentos como a regulación da Carteira de Servizos Sociais, a regulación de Atención Temperá e a regulación de Dependencia que é fluctuante.
- Cambios de goberno e/ou funcionarios públicos que supuxeron a paralización das liñas de traballo abertas. Aínda que se reclamou continuidade aos novos responsables, non se obtivo resposta.

## 4. OBXETO E ALCANCE DO PLAN ESTRATÉXICO 2014-2018

### 4.1 Presentación do Plan Estratéxico

O presente Plan Estratéxico é o segundo que elabora a Federación DOWN GALICIA, e ten por obxecto establecer un marco de actuación común para todos os integrantes da Federación, dentro do cal, tendo en conta a totalidade dos recursos, perfílanse futuras iniciativas de intervención.

O anterior Plan Estratéxico 2009-2012 representou unha orientación para os grupos de actividades e tarefas a desenvolver para que a Federación puidese achegar máis ao cumprimento da súa misión. Nesta ocasión tamén levou a cabo unha análise da situación actual para así establecer as prioridades e obxectivos para conseguir o posicionamento futuro do Movemento Down en Galicia.

O proceso que deu lugar a este Plan permitiu contar coa opinión de diferentes grupos de interese, seguindo un enfoque grupal e participativo, coordinado dende a Federación.

O punto de partida foi a inscrición no programa formativo do Centro de Estudos de Novacaixagalicia “Xestión Estratéxica- Cadro de Mando Integral” que tiña como obxectivo fundamental mellorar a capacidade de xestión das Ong galegas mediante a aplicación dunha planificación estratéxica apoiada nun cadro de mando integral. As sesións formativas tanto grupales como individuais (realizadas na sede da entidade) complementáronse con reunións de traballo do equipo educativo, dende setembro do 2011 a maio de 2012.

A posta en marcha deste Plan é un compromiso no que nos temos que involucrar todos e todas os que formamos parte deste equipo, pois será unha nova aprendizaxe que nos permitirá asentar e interiorizar as ferramentas de planificación, xestión e avaliación que xa vimos utilizando dende a posta en marcha no ano 2010 do programa de Xestión de Calidade, co que no ano 2011 certificámonos na ISO 9001.

En gran parte, este Plan é o resultado das liñas de traballo xa iniciadas e dos novos obxectivos e retos que prevé a nosa entidade e que, en pouco tempo serán unha realidade como é a posta en funcionamento dunha casa de familia.

Así, neste documento relátase o proceso que se desenvolveu e as conclusións obtidas. Na Análise da Situación preséntase un diagnóstico da situación na que se atopa a entidade e as oportunidades e ameazas que a contorna presenta para o desenvolvemento da súa misión.

Nos apartados seguintes atópase o máis destacable. No Mapa Estratéxico recóllense as áreas e obxectivos estratéxicos que a Federación se marca para poder lograr a súa visión de futuro. No Plan de Acción atópanse indicadores chave necesarios para cuantificar en que medida conséguense os obxectivos marcados, as iniciativas e as tarefas para desenvolver para a súa consecución. Así mesmo inclúese a descrición do Plan de Comunicación da propia planificación estratéxica. Finalmente atópase un apartado dedicado ao seguimento e avaliación da planificación, fundamental para detectar posibles desviacións, os aspectos a mellorar e os logros conseguidos.

## 4.2 Alcance e obxetivos

Para establecer as áreas de mellora que a Federación considera imprescindible acometer do 2014 ao 2018 foi necesario determinar o alcance e obxectivos da planificación estratéxica para o devandito período, así como a constitución dun equipo guía tal e como enseguida se explica:

### Alcance

**Alcance organizacional:** a Federación Down Galicia.

**Alcance temporal** do Plan Estratéxico: inicialmente 3 anos dende a súa aprobación; abarcando 2014 e 2016. En maio 2016, tras a análise do seguimento realizado 2014-2015 aprobouse en Asemblea ampliálo en 2 anos: 2017-2018, alcanzando así un total de 5 anos tal como contéplase no presente plan 2014-2018.

### Obxetivos do plan de traballo

**Obxetivo 1:** ter unha guía a medio prazo, marcando e priorizando liñas comúns de actuación dende a Federación co fin de mellorar a autonomía e independencia das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

**Obxetivo 2:** Comunicación efectiva e eficaz do Plan Estratéxico (en diante PE) a todos os grupos de interese interno.

## 4.3 Constitución do equipo guía

Co fin de orientar a estratexia da Federación durante os anos 2014-2018, creouse un equipo de traballo nos dous primeiros trimestres do 2013 constituído por membros da entidade e guiado por dous consultores do programa formativo sobre xestión estratéxica dirixida a Ong do Centro de Estudos de Novacaixagalicia. Este equipo estivo organizado da seguinte forma:

### Responsable do proxecto de elaboración do Plan Estratéxico 2014-2018

Xerente Down Galicia

### Participantes

- **Sesións Grupais:** consistiron en tres sesións celebradas no Centro de Estudos de Novacaixagalicia, en Santiago de Compostela, xunto co resto de Ong inscritas no programa formativo sobre xestión estratéxica. Nestas sesións, nas que se trataron temas relativos ás perspectivas estratéxicas e os plans de traballo de cada ONG, participaron 4 persoas do equipo profesional da Federación Down Galicia.
- **Sesións Individuais:** os consultores do programa formativo acudiron á propia entidade en Santiago de Compostela en catro ocasións para asesorar á Federación nas tarefas para acometer (realización do diagnóstico da situación actual, elaboración do mapa estratéxico, selección de

indicadores, revisión dos plans de acción e orientación para a redacción do Plan Estratégico). Nestas ocasións participaron un total de 17 persoas (4 Down Galicia, 3 Down Ferrol, 2 Down Ourense, 2 Down Pontevedra, 2 Down Lugo, 1 Down Vigo, 1 Down Coruña e 2 Down Compostela), dos cales 13 son profesionais. Ademais, 1 é profesional e familiar de persoa coa síndrome de Down e 3 son persoal de dirección de entidades Down e familiares de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

- **Grupos de traballo en cada entidade Down:** contouse cun total de +/- 50 participantes. Constituíronse grupos de traballo nas localidades de cada entidade membro da Federación integrado polos participantes nas sesións individuais descritas no punto anterior, máis outros membros da Federación. Cabe resaltar a participación de 3 persoas usuarias coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, 5 familiares, 10 persoas dos equipos de dirección e familiares, 1 voluntaria e o resto profesionais (31). Finalmente, as conclusións obtidas foron recompiladas e unificadas pola Federación.


## 5. ANÁLISE DA SITUACIÓN: DIAGNÓSTICO DAFO

Á hora de realizar unha planificación estratéxica faise necesario coñecer o contexto no que se vai a implementar, así como identificar os elementos do mesmo que poidan afectar tanto positiva como negativamente ao seu desenvolvemento. Para iso, dende a Federación Down Galicia utilizouse unha análise DAFO, denominado así por integrar as iniciais dos elementos analizados, a saber: debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

Na análise DAFO, identificáronse e sinaláronse primeiramente os elementos de carácter positivo (fortalezas) e negativo (debilidades) que afectan o desenvolvemento do noso proxecto sobre os cales se pode actuar polo menos en parte (análise interna). Tamén se identificaron aqueles parámetros positivos (oportunidades) e negativos (ameazas) que están fóra do noso control e que poden influír na execución das nosas actividades (análise externa).

Nos seguintes diagramas poden visualizarse de forma sumaria algúns dos puntos obtidos desta análise para, seguidamente, atopar unha descrición pormenorizada do diagnóstico da situación actual:





## 5.1 Análise interno

### Fortalezas

1. Ter unha filosofía clara e única dentro da inclusión das persoas con discapacidade intelectual baseada na **inclusión real**.
2. Calidade dos servizos prestados: alta **satisfacción** de todos os grupos de interese, atención adaptada ás necesidades das persoas usuarias e familias, calidez e calidade humana.
3. Talento do persoal profesional: aplicación, **profesionalidade**, creatividade, calidade humán e cualificación.

4. Recoñecemento de Down Galicia no ámbito do Terceiro Sector e na Administración Pública Autonómica Galega: **traxectoria**, resultados e traballos realizados.
5. **Alianzas** firmes e de longa duración coa administración (Xunta, concellos, deputacións...) e outras entidades privadas (bancos, empresas...)
6. **Rede de traballo autonómica** Down: alcance en toda a comunidade autónoma, actuacións e boas prácticas compartidas.
7. Moi boa xestión do financiamento e optimización de recursos (económicos, técnicos...)
8. **Proxectos** ben fundamentados, que dan resposta as necesidades.

### Debilidades

---

1. Xuntas directivas que precisan de competencias de xestión para axilizar o día a día das entidades membro e da Federación, e nalgúns casos, con persoas que levan moito tempo no posto, sen rotación, o que provoca cansazo e desgaste.
2. **Falta de sentimento de pertenza á Federación:** priman intereses locais sobre o grupo autonómico (percepción de Down Galicia por algunha entidade membro como unha competidora). Hai entidades que non asumen acordos comúns como propios e non os materializan.
3. Financiamento: alta dependencia de subvencións públicas o que provoca gran inestabilidade no financiamento.
4. **Falta de concreción e de priorización** na planificación.
5. **Falta de innovación** para buscar novas vías de financiamento e captación de recursos.
6. **Falta dunha comunicación** óptima que repercute no descoñecemento da planificación de Down Galicia por parte das entidades membro.
7. Alta rotación e **inestabilidade do equipo** coa consecuente perda de talento.
8. **Actuacións non compartidas** por todas as entidades membro na contribución da Federación: non todas as entidades membro comparten as actuacións realizadas dende a Federación, existindo falta de transparencia.

### 5.2 Análise externo

---

### Oportunidades

---

1. O **modelo inclusivo** vai collendo forza dentro das formulacións de intervención con persoas con discapacidade intelectual e gañando visibilidade no ámbito social.
2. **Imaxe positiva** do colectivo: traxectoria, historia, resultados etc.

3. **Capacidade** que ten a base social do Movemento Down (socios/as, familias, voluntarias/vos, profesionais...) para empuxar á Federación (aproveitar os contactos e experiencias de todos e todas, crear sinerxias...). Unidos e activos o potencial de desenvolvemento é máis grande.
4. **Demanda de servizos** por parte de persoas con discapacidade intelectual que non teñen síndrome de Down. Nova vía de captación de persoas usuarias e nova posibilidade de expandir a filosofía propia do Movemento Down a máis colectivos.
5. Demandas especializadas en temas **de formación e educación** para seguir avanzando no desenvolvemento do traballo no ámbito da discapacidade intelectual e da síndrome de Down.
6. Período de **cambio social forte**: posibilidade de compartir servizos e recursos con outras entidades afíns do **terceiro sector**.
7. **Cultura da unión**: alianzas con outros axentes externos (organizacións empresariais, sindicatos, empresa privada...)
8. **Atender a novas necesidades** identificadas: deseño de proxectos novos en área adulta, envellecemento...

## Ameazas

---

1. Contorno económico en **recesión**: redución do financiamento público e privado (desaparición de Obras Sociais...).
2. **Incerteza respecto da lexislación** no ámbito da discapacidade: lentitude da Administración en relación co avance/resolución do "Servizo de Promoción da Autonomía Persoal" e incerteza da situación actual da LAPAD (lei de dependencia).
3. Desmantelamento dos servizos públicos: recortes na educación, sanidade...
4. **Regresión na lexislación** e no modelo de atención a persoas con discapacidade: retorno a casas, grandes centros... volta ao aillamento e ocultación das persoas con discapacidade, especialmente con discapacidade intelectual e/ou síndrome de Down.
5. **Redución da colaboración da empresa** privada no emprego ordinario de persoas con discapacidade intelectual e/ou síndrome de Down.
6. **Competencia** da empresa privada no sector de atención a discapacidade.
7. **Impacto da crise** nas familias.
8. Concentración dos **escasos recursos públicos** en colectivos ou entidades con maior visibilidade e que traballan no ámbito da promoción da dependencia das súas persoas usuarias e non na inclusión real.

## 6. MAPA ESTRATÉGICO: ÁREAS E OBXETIVOS ESTRATÉGICOS

### 6.1 Formulación estratéxica

Para a formulación da estratexia no período 2014-2018 tivéronse en conta as perspectivas de Kaplan e Norton (1996) que establecen a importancia de que a organización se desprega estratexicamente nas seguintes **áreas**:

#### Perspectiva do cliente: CLIENTES

Nas entidades non lucrativas a satisfacción das persoas “clientes” adquire unha especial relevancia en canto a que estas son xestoras do cambio e receptoras do mesmo. Os criterios establecidos polas persoas clientes inciden directamente na súa calidade de vida e son a proposta de valor da planificación das organizacións que os representan.

#### Perspectiva financeira: ECONOMÍA

Alcanzar as metas con respecto do financiamento necesario para manter un determinado servizo ou actividade é imprescindible cando estes son subsidiarios dos que debería prestar a administración. Por outra banda, o carácter non lucrativo esixe eficiencia no seu uso e transparencia na súa xestión, co fin de manter o respaldo económico de organizacións públicas e persoais.

#### Perspectiva interna: PROCESOS

Este enfoque refírese aos procesos internos. As medidas establecidas para cada proceso permite coñecer como se están desenvolvendo os obxectivos previstos e se os resultados esperados cumpren os requisitos establecidos polas persoas clientes que, nunha entidade non lucrativa supoñen non un beneficio económico senón un valor social.

#### Perspectiva do aprendizaxe e crecemento: RECURSOS


Esta perspectiva inclúe a capacitación laboral e o desenvolvemento dunha cultura organizacional fortemente orientada á mellora individual e corporativa. Nunha organización baseada no coñecemento, as persoas son un recurso fundamental que deben ser motivadas continuamente e orientadas á aprendizaxe e a mellora continua.

Tendo en conta estas catro perspectivas, a Federación Down Galicia desenvolveu un mapa estratéxico que orientará a súa actuación nos próximos dous anos e que se despregará en obxectivos estratéxicos para, seguidamente, establecer as iniciativas e tarefas orientadas á satisfacción das súas usuarias y usuarios.

6.2 Mapa estratéxico

**MISIÓN DOWN GALICIA:** Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da plena inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

OBXETIVOS ESTRATÉGICOS



## 6.3 Obxetivos estratéxicos

Seguindo o esquema do mapa estratéxico, a continuación recóllense nunha táboa os 7 obxetivos estratéxicos definidos para o período 2014-2018:

ÁREA ESTRATÉGICA	FORMULACIÓN Obxetivos estratéxicos Qué queremos conseguir?
CLIENTES	1. Situar o <b>modelo de inclusión</b> Down de Promoción da Autonomía Persoal como un <b>referente</b> na sociedade 2. <b>Reivindicar e transformar políticas:</b> Incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal
ECONÓMICA	3. <b>Sustentabilidade:</b> Lograr un desenvolvemento sustentable a través da diversificación e captación innovadora de recursos
PROCESOS	4. <b>Consenso e cohesión:</b> Lograr unha maior cohesión entre as entidades Down e consenso nos acordos
APRENDIZAXE E CRECEMENTO	5. <b>Alianzas:</b> Promover e reforzar as alianzas con entidades públicas e privadas 6. <b>Talento do persoal profesional e Innovación:</b> Promover o desenvolvemento de Down Galicia sobre os alicerces da innovación e o talento 7. <b>Dinamizar a base social:</b> Aumentar a participación das familias e das persoas usuarias no desenvolvemento das entidades Down



## 7. PLAN DE ACCIÓN: OBXETIVOS, INDICADORES, INICIATIVAS E TAREFAS A DESENVOLVER

Os obxectivos estratéxicos previstos pola Federación están vinculados a un plan de acción que ten como finalidade garantir que se desenvolvan todas as tarefas posibles dirixidas á súa consecución. Así mesmo, no devandito plan contémlanse as formas de medición do cumprimento das metas previstas e das actividades para realizar.

Neste sentido, o resultado final da planificación inclúe:

### Qué queremos conseguir?

---

A isto dáse resposta a través da descrición do obxectivo estratéxico e a xustificación do mesmo.

### Cómo podemos saber si o conseguimos?

---

As ferramentas para a medición do grao de consecución de cada obxectivo estratéxico son os denominados **indicadores chave**. Estes refírense aos indicadores chamados de resultado ou rendemento que, como o seu nome indica miden os resultados e efectos directos e inmediatos do Plan.

### Qué imos facer para conseguilo?

---

Na descrición de cada **iniciativa** atópase a acción/plan onde se encadran as tarefas para desenvolver.

### Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?

---

Sínálanse as tarefas ou actividades dirixidas á consecución de cada obxectivo.

### Cómo se pode saber se as tarefas realízanse?

---

Para a medición do grao de desenvolvemento das tarefas para realizar empréganse os denominados **indicadores operativos**. Estes son indicadores de realización que miden as consecuencias concretas e inmediatas das actividades realizadas.

A definición destes criterios permite establecer a planificación operativa plurianual do 2014 ao 2018. Nas páxinas seguintes recóllese en sete táboas, unha por cada obxectivo estratéxico, o marco de actuación da Federación para o devandito período.

<b>OBXETIVO ESTRATÉXICO 1. Posicionar o modelo de inclusión Down de Promoción da Autonomía Persoal como un referente na sociedade</b>	
<b>Xustificación do obxectivo:</b> Necesidade de visibilizar e expandir o modelo; poñer en valor ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	
<b>INDICADOR CHAVE DO RESULTADO: Cómo podemos saber si o conseguimos?</b>	
Nº de entrevistas iniciais	
Nº usuarios en lista de espera	
% de incremento de persoas usuarias	
Nº de propostas Down de colaboración aceptadas por entidades externas (Administración, medios de comunicación...) (Propostas Down)	
Nº de peticións externas de colaboración dende entidades externas (Administración, medios de comunicación...) (Peticións Externas)	
<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué imos facer para conseguilo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
Plan de comunicación (externa: visibilización, sensibilización e relacións Institucionais)	Identificar as claves do Modelo Inclusión Down
	Definición e seguimento do Plan Comunicación
	Protocolarizar argumentos para realizar mensaxes coherentes con actuacións
	Incluir no seguimento de indicadores do sistema os indicadores claves
<b>INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización) Cómo se pode saber si as tarefas se realizan?</b>	
Identificar as claves do Modelo Inclusión Down	
Plan comunicación externa aprobado e implantado	
Aprobado e implantado argumentario mensaxes coherentes	
Incluídos no cuadro indicadores anuais os indicadores chave	

**OBXETIVO ESTRATÉXICO 2. Incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal**

**Xustificación do obxectivo:** Necesidade de incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal, e os dereitos das persoas con discapacidade

**INDICADOR CHAVE DE RESULTADO Como podemos saber se o conseguimos?**

Nº de cambios normativos/lexislativos que apoian o modelo de PAP

Impacto dos cambios normativos na expansión do modelo PAP (a definir escala de valoración)

Nº de propostas realizadas dende Down Galicia a modificacións parciais ou totais en normativas aprobadas ou por aprobar

<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué imos facer para conseguilo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
Plan de comunicación (externa: relacións institucionais)	Elaboración dun protocolo de relacións institucionais, contemplando un documento marco de xustificación e defensa do noso modelo
	Reivindicacións vía CERMI, EAPN, Down España e propias (Down Galicia)
	Establecemento de alianzas firmes no CERMI
	Implicación na converxencia asociativa a nivel nacional e a nivel Galicia
	Presencia proactiva en asembleas de Down España
	Realización de alegacións a borradores de normativas Comunicados de prensa con alegacións a normativa feitos desde Down Galicia

**INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización) Cómo se pode saber si as tarefas se realizan?**

Definido protocolo de relacións institucionais de actuacións entidades Down

Nº Reunións de participación en converxencia asociativa

Nº de representación con voto do Movemento Down Galicia en asembleas Down España

Nº de cambios estatutarios no CERMI

Nº actos de difusión reivindicativos (comunicados prensa, web,...)

### OBXETIVO ESTRATÉGICO 3. Lograr un desenvolvemento sustentable a través da diversificación e captación innovadora de recursos

**Xustificación do obxectivo:** Garantir o desenvolvemento e a calidade dos servizos contando con persoal estable e conseguindo financiamento a través de novas alternativas na captación de recursos

#### INDICADOR CHAVE DO RESULTADO: Cómo podemos saber si o conseguimos?

% de incremento da diversidade das fontes de financiamento

% de incremento medio anual de autofinanciamento (RRPP) DEFINIR AUTOFINANCIACIÓN

% de autofinanciamento sobre o presuposto total

% de estabilización da plantilla profesional

% de incremento de socios colaboradores

<b>INICIATIVA (Acción/Plan)</b> <b>Qué imos facer para conseguirlo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa)</b> <b>Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
- Plan de captación-sustentabilidade (impartición de formación externa)	Reunións do equipo Down para a definición e seguimento do Plan captación-sustentabilidade (Listado de posibles financiadores) Compartir e definir boas prácticas de captación entre as entidades Down

#### INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización)

##### Cómo se pode saber si as tarefas se realizan?

Definido e aprobado Plan captación-sustentabilidade (Listado de posibles financiadores)

Número de reunións ou actas de intercambio de boas prácticas grupo de traballo de mellora

**OBXETIVO ESTRATÉXICO 4. Lograr unha maior cohesión entre as entidades Down e consenso nos acordos**

**Xustificación do obxectivo:** Protocolarizar o réxime de acordos da Federación e o seu cumprimento polas entidades membro, buscando o consenso. Establecemento e difusión dun marco regulador interno claro que evite conflitos e malentendidos á hora de cuestións que afectan á participación, reparticións, actuacións insolidarias, etc. Necesidade de delimitar de forma clara e precisa as competencias da Federación e a contribución das entidades membro a súa representación e á filosofía do ben común, facendo tanxible/ visible o papel da Federación e fomentando a comunicación, cohesión e participación das entidades Down e das súas xuntas directivas.

**INDICADOR CHAVE DO RESULTADO: Cómo podemos saber se o conseguimos?**

Nº de acordos anuais alcanzados

% medio de acordos anuais alcanzados con consenso total

% de incremento na valoración da cohesión (valoración da cohesión rexistrada no FR-SAT-02)

Existencia de un protocolo de comunicación interna

<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué imos facer para conseguirlo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
Plan de comunicación (interna)	Asamblea onde se impulse o compromiso de cumprimento dos acordos logrados nela por parte de todas as entidades Down Reunións entre técnicos e directivos das entidades Down previos ás reunións (XD e Assembleas) a nivel da Federación para que os acordos sexan operativos. Mínimo de 5 reunións da Xunta Directiva ao ano máis a asamblea a nivel de DG. Reunións mensuais entre a dirección, coordinación e a xerencia das entidades Down para que todos estén informados e formen parte das decisións tomadas Revisión do RRI que evidencie a estrutura organizativa e de funcionamento

**INDICADOR OPERATIVO (Indicador da realización)**

**Cómo se pode saber si as tarefas se realizan?**

Nº de reunións de órganos de goberno de DG realizadas

Nº de reunións dirección/coordinación/xerencia entidades Down

RRI revisado, completo e aprobado

**OBXETIVO ESTRATÉGICO 5. Promover e reforzar as alianzas con entidades públicas e privadas**

**Xustificación do obxectivo:** Necesidade de sumar aliados que promovan e faciliten apoio ao labor do Movemento Down dunha maneira continuada e sólida no tempo, que promovan a sustentabilidade, aseguren a expansión da filosofía do modelo e lograr unha maior incidencia nas políticas.

**INDICADOR CHAVE DO RESULTADO: Cómo podemos saber si o conseguimos?**

Nº de convenios económicos novos (que impliquen financiamento) (non computar convenios de convocatoria en concurrencia competitiva sin continuidade no tempo)

Nº de convenios sociais novos (que impliquen colaboración en actividades compartidas)

Nº de convenios sociais vixentes no ano que tiveron un mínimo dunha actuación anual

Nº de redes de traballo nas que participamos dende DG

<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué imos a facer para conseguilo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
Plan de comunicación (externa: relacións institucionais)	Análise das entidades cas que se considera importante/interesante establecer convenios Elaboración dunha planificación de actuacións e calendario de contactos (cronograma) Análise de actuacións a contemplar anualmente en cada convenio vixente Comunicación e negociación das colaboracións Participación en redes de traballo

**INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización)****Cómo se puede saber si as tarefas se realizan?**

Nº de entidades a contactar para negociar colaboración

Nº de entidades contactadas

Nº de convenios e/ou acordos negociados

Nº de convenios e/ou acordos asinados

Nº de actuacións realizadas / Nº actuacións planificadas dos convenios vixentes

Nº de reunións anuais de grupos de traballo de redes

**OBXETIVO ESTRATÉXICO 6. Promover o desenvolvemento de Down Galicia sobre os piares da innovación e o talento**

**Xustificación do obxectivo:** talento do persoal profesional do Movemento Down (as/os que se quedan e os/as que se van) é un recurso para explotar para fortalecer o posicionamento como referente en Inclusión Social e a promoción da autonomía. Establecer dinámicas de compartir boas prácticas para poñer en marcha o talento das e dos profesionais

**INDICADOR CHAVE DO RESULTADO: Cómo podemos saber si o conseguimos?**

Nº de demandas externas de formación e asesoramiento en materia de discapacidade, inclusión social e/ou promoción da autonomía

Nº de accións formativas realizadas polo persoal profesional de Down Galicia ou as súas entidades membro a outros axentes externos

Nº profesionais que se benefician da formación realizada internamente por DG (indicador que xa mide solo DG)

Nº proxectos (Prácticas/ programas/ metodoloxías) innovadores postas en marcha dende DG (grupos de mellora, equipo de traballo ...)

<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué vamos a facer para conseguilo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
- Plan de formación anual do Movemento Down	Análise das necesidades formativas do equipo profesional de Down Galicia Elaboración do Plan de Formación Anual de accións formativas para profesionais de entidades Down Crear grupos de mellora nas grandes áreas de SEPAP (Educación, ECA, administración)
- Plan de captación-sustentabilidade (impartición da formación externa)	Definir canle/vía para a captación de ideas-proxectos de profesionais das entidades e sistema de recompensa de ideas creativas. (campañas concretas e claras, idea: recompensa de proxectos aprobados e postos en práctica unha vez valorados nas entidades Down) Establecemento de convenios de colaboración para realizar accións formativas dende Down Galicia ou as súas entidades membro en Universidades, colexios profesionais, centros educativos, etc.

**INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización)**

**Cómo se pode saber si as tarefas se realizan?**

Nº de accións formativas internas realizadas dende Down Galicia ao equipo profesional

Nº de reunións anuais de grupo de mellora en DG

Nº de entidades externas contactadas para ser beneficiarias de formación impartida por profesionais Down

Nº de participantes externos de formación impartida por profesionais Down



**OBXETIVO ESTRATÉXICO 7. Dinamizar a base social: aumentar a participación das familias e das persoas usuarias no desenvolvemento das entidades Down**

**Xustificación do obxectivo :** Este é un elemento con alto potencial e que é necesario para contribuír ás organizacións

**INDICADOR CHAVE DE RESULTADO: Como podemos saber se o conseguimos?**

Nº de iniciativas da Federación participadas pola base social (usuarios-familia)

Nº de iniciativas postas en marcha pola Federación que nacen da base social (suxeridas por usuarios-familia)

Nº de iniciativas das entidades membro DG participadas pola base social (usuarios-familia)

Nº de iniciativas postas en marcha polas entidades membro DG que nacen da base social (suxeridas por usuarios-familia)

<b>INICIATIVA (Acción/Plan) Qué imos facer para consegui-lo?</b>	<b>TAREFAS (Actividades para levar a cabo a iniciativa) Qué tarefas/actividades pode comportar facer isto?</b>
Plan de comunicación (interna)	Análise do procedemento para seguir para lograr a implicación da base social Establecemento de actuacións marco acordadas a aplicar nas entidades membro nas que se pode implicar a base social (usuarios-familia): Definir as accións nas que se pode implicar á base social e os canles/vías de información-comunicación que permitan implicar á base social (usuarios-familias) Actos de convivencia (bianuais) entre a base social (usuarios-familias-profesionais) das entidades Down que xeren maior unión

**INDICADOR OPERATIVO (Indicador de realización)**

Como se pode saber se as tarefas se realizan?

Nº actuacións marco acordadas a aplicar nas entidades membro

Nº de participantes (usuarios-familias) nos eventos e reunións realizados por DG

Nº de participantes (usuarios-familias) nos eventos e reunións realizadas polas entidades membro DG

## 8. PLAN DE COMUNICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2014 - 2018

As tarefas de información, comunicación e publicidade constitúen unha iniciativa que toda entidade debe ter en conta para asegurar a transparencia no uso dos recursos e de diseminar os obxectivos e resultados conseguidos pola súa planificación estratéxica (dar a coñecer o Plan estratéxico e valorizar e capitalizar os resultados do mesmo).

Para desenvolver estas accións de forma correcta identificáronse os obxectivos das tarefas de comunicación e o público obxectivo:

### Obxetivos da comunicación:

- **Informar e difundir:** asegurar un correcto coñecemento dos obxectivos estratéxicos do Movemento Down.
- **Participar e opinar:** promover unha reflexión construtiva sobre como desenvolver e contribuír de forma eficiente á consecución dos obxectivos estratéxicos.
- **Motivar e recoñecer:** reforzar a implicación e o compromiso na defensa dos devanditos obxectivos.

Así pois, en función do público obxectivo, o Plan de Comunicación do Plan Estratéxico 2014-18 establécese en dous niveis, interno e externo, da seguinte forma:

### Comunicación interna no Movemento Down Galicia

- **Público obxectivo:** os grupos de interese directo da Federación Down Galicia
  - Entidades membro da Federación Down Galicia
  - Persoas usuarias e familias das entidades Down
  - Equipo profesional traballador e persoal voluntario das entidades Down
  - Xuntas Directivas das entidades Down

### Comunicación externa

- **Público obxectivo:**
  - Grupos de interlocución directa da Federación Down Galicia e cidadanía en xeral
  - Departamentos da Administración Autonómica
  - Lectores/as da Páxina web Down Galicia

No apartado anterior correspondente ao propio Plan de Acción poden consultarse as tarefas concretas e os indicadores do Plan de Comunicación, descritos en función da súa vinculación con cada obxectivo estratéxico.

## 9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2014-2018

O seguimento e avaliación é unha labor fundamental en calquera planificación co obxectivo de asegurar a correcta execución da mesma, a través da detección de problemas no caso de que os houbese. Por iso, tanto o seguimento como a avaliación han de ser continuos ao longo de todo o ciclo de vida do Plan e cubrir todas as tarefas previstas.

O **seguimento** do Plan Estratéxico realizarase a través dos indicadores. No caso que nos ocupa utilizaremos dous tipos de indicadores, estratéxicos (de rendemento/resultado) e operativos (de realización), que se corresponden cos seguintes niveis da planificación: os obxectivos estratéxicos e as tarefas para realizar.

Pola súa banda, a avaliación do Plan consistirá en realizar apreciacións e valoracións sobre a súa implementación en relación aos resultados do incluso, así como ao grao de consecución dos obxectivos previamente establecidos na estratexia do Plan. A diferenza con respecto ao seguimento é que este se centrará en aspectos operativos do Plan, mentres que a avaliación focalizarase en aspectos de carácter estratéxico de calidade e xestión.

A avaliación realizarase en distintos momentos do ciclo de vida do Plan. Dependendo do momento, establécense tres tipos de avaliacións:

- Avaliación ex-ante: trátase da avaliación previa antes do despregamento da estratexia. Así, durante a elaboración do presente Plan Estratéxico avalíase a contribución e orientación do Plan ao logro dos obxectivos da entidade e ás necesidades e debilidades detectadas no campo de intervención da Federación. Esta análise efectúase a través do estudo de diagnóstico realizado con metodoloxía DAFO.
- Avaliación continua: realizarase durante a execución da planificación e acompañará o seguimento dos resultados a través dos seguintes elementos:
  - comprobar o cumprimento da execución das tarefas previstas;
  - analizar o avance na consecución dos obxetivos comparándoos cos indicadores.
- Avaliación ex-post: unha vez finalice a execución do Plan, valorarase a utilización dos recursos en relación ao logro dos obxectivos e analizaranse os efectos e impactos conseguidos. Así mesmo, extraeranse as boas prácticas aprendidas e apreciarase o valor engadido da planificación na área de intervención da Federación.

A organización e realización das tarefas de avaliación, do mesmo xeito que as de seguimento, serán responsabilidade da Xunta Directiva xunto á Xerencia, aínda que para o bo desenvolvemento das mesmas debe contar co conxunto das entidades membro que forman parte do Movemento Down Galicia. No último ano de vixencia do presente Plan Estratéxico a Xunta Directiva elaborará un informe final con recomendacións, que servirán para a elaboración do seguinte Plan.